

NOVIDADES LABORAIS NO 2023

A Lei de Orzamentos Xerais do Estado e o Real Decreto 1058/2022, do 27 de decembro, sobre revalorización das pensións do sistema da Seguridade Social, e doutras prestacións sociais públicas para o exercicio 2023 conteñen importantes implicacións laborais que pasaron practicamente desapercibidas e que debemos coñecer:

Auméntase a contía do paro a partir do sexto mes, debido a que se modifica o artigo 270 da Lei Xeral da Seguridade social indicando que a partir do día 181 da cobranza da prestación percibirase o 60% da prestación (en lugar do 50% actual). Isto aplícase tamén ás persoas que agora perciben o paro. (Disposición transitoria novena da Lei de Orzamentos Xerais do Estado)([Ler aquí](#))

Elévase o IPREM (disposición adicional nonaxésima da Lei de Orzamentos) ata os 600 euros mensuais e con iso elévanse os límites mínimos e máximos da prestación por desemprego. Todas os subsidios que se perciben o 80% do IPREM elévanse ata os 480 euros desde os 463,22 euros que se percibían no ano 2022. O IPREM O Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) é un índice de referencia para a concesión de axudas, subvencións ou o subsidio de desemprego. Substituíu ao SMI no ano 2004 como referencia para estas axudas. Desta forma o IPREM foi crescendo a un ritmo menor que o SMI facilitando o acceso ás axudas para as economías familiares máis desfavorecidas, mentres o SMI quedaría restrinxido ao ámbito laboral. ([Queres saber máis sobre o IPREM?](#))

Engádesse un novo tipo de cotización (mecanismo de equidade interxeracional) do 0,60% (un 0,50% a cargo da empresa e un 0,10% a cargo da persoa traballadora). O MEI impón unha cotización adicional do 0,6%. Desta porcentaxe, o 0,5% corresponde ás empresas e o 0,1% ás persoas traballadoras. **Como se paga?** No apartado de contingencias comúns, que ata o de agora era do 4,70%, e que pasará a ser dun 4,80%. Para un salario mensual de 1500 euros brutos este imposto supón unha rebaixa no salario líquido de 1,5 euros ao mes para as persoas traballadoras.

Modifícase o código penal para incluír como delito "Os que impoñan condicións ilegais á persoas traballadoras mediante a súa contratación baixo fórmulas alleas ao contrato de traballo, ou as manteñan en contra de requirimento ou sanción administrativa." no artigo 311. (Lei Orgánica 14/2022)

A dignidade está no salario;

a nosa forza, na nosa unión.